

Resolución do 30 de maio de 2006, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se abre o prazo para que determinado colectivo de persoal estatutario das categorías de licenciados sanitarios do Servizo Galego de Saúde solicite o recoñecemento do grao I de desenvolvemento profesional.

De conformidade co Decreto 155/2005, do 9 de xuño (DOG nº 112, do 13 de xuño), o persoal estatutario pertencente ás categorías sanitarias de licenciados con título de especialista en Ciencias da Saúde e licenciados sanitarios, que obtívase a condición de fixo e praza en propiedade con ocasión dos procesos executados ao abeiro da Lei 16/2001, e tomase posesión dela no prazo establecido, poderá acceder ao grao I con efectos do 1 de xullo de 2006 sempre que cumpra os requisitos establecidos no propio decreto.

Consonte ao referido decreto corresponde a este centro directivo ditar a resolución de apertura do prazo para a presentación de solicitudes. Este prazo, que agora se inicia, habilitará o acceso ao grao I do colectivo de todas as categorías de licenciados sanitarios agás a de pediatra de atención primaria. O colectivo desta última categoría, pendente da súa fase de provisión, non cumpre obviamente neste momento os requisitos precisos para solicitar o acceso ao grao I, razón pola cal a apertura do prazo de solicitude deberá formalizarse nunha nova resolución ditada tras a súa futura toma de posesión.

En uso da facultade outorgada no decreto esta división

RESOLVE:

Primeiro.-Obxecto.

Esta resolución ten por obxecto abrir o prazo para a presentación de solicitudes, e da documentación acreditativa dos requisitos, para o acceso ao grao I de desenvolvemento profesional, de conformidade coa secuencia temporal establecida no artigo 9 punto b) do Decreto 155/2005, do 9 de xuño.

Segundo.-Ámbito de aplicación e requisitos.

Poderá solicitar o recoñecemento do grao I o persoal estatutario pertencente ás categorías sanitarias de licenciados con título de especialista en Ciencias da Saúde e licenciados sanitarios, que obtívase a condición de fixo e praza en propiedade nas institucións sanitarias do Sergas con ocasión dos procesos convocados en execución da Lei 16/2001, por ordes do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro) e do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño), e cumpra ou estea en condicións de cumprir dentro do prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:

a) Ter tomado posesión da praza no prazo habilitado para estes efectos.

b) Ter prestados alomenos 5 anos de servizos na mesma categoría ou especialidade no réxime estatutario. Para estes efectos computaranse os servizos, previos á resolución de integración no réxime estatutario, prestados baixo outro réxime xurídico. Este requisito acreditarase mediante certificación de servizos prestados emitida polo centro correspondente.

c) Estar en situación de activo ou asimilada, de conformidade co establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco, acreditada mediante a certificación á que se fixo referencia no punto b) anterior.

d) Ter participado, nos cinco exercicios inmediatamente anteriores á data da solicitude, nos obxectivos asistenciais, reflectidos nos programas especiais do complemento de produtividade variable da institución do Sergas na que estivese prestando servizos, e acreditar o seu cumprimento nun 70% en cada un dos cinco exercicios ou nun 75% de media nos ditos exercicios, sen prexuízo do establecido na disposición terceira. A dita acreditación realizarase mediante certificación do director xerente do centro de que se trate de conformidade coa avaliación efectuada por este concepto.

Terceiro.-Excepcións en situacións especiais.

Quedan exceptuados da acreditación do requisito ao que se refire a letra d) da disposición segunda os períodos de tempo nos que o persoal permanecese nalgunha das seguintes situacións:

a) Situación de excedencia forzosa a que se refiren os artigos 11.1º e 11.3º e 13 do derogado estatuto xurídico do persoal médico da Seguridade Social aprobado polo Decreto 3160/1966, do 23 de decembro.

b) Situación de excedencia especial en activo a que se refire o artigo 13 do derogado estatuto xurídico do persoal médico da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 3160/1966, do 23 de decembro.

c) Situación de servizos especiais a que se refire o artigo 64 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

d) Os períodos de desfrute de permisos sindicais.

e) Excedencia por coidado de familiares.

f) Licenza por maternidade, incapacidade temporal e comisión de servizos.

Cando por razóns da organización do traballo establecida, un profesional non puidese acreditar a súa participación nos programas de obxectivos do complemento de produtividade variable, quedará exonerado do requisito a que se refire o parágrafo d) da disposición segunda desta resolución. Nestes supostos o xerente do centro emitirá certificación acreditativa deste extremo, así como informe detallado da participación do profesional nos resultados da actividade do centro conforme se estableza nas condicións da avaliación.

Cuarto.-Prazo de presentación de solicitudes.

Cada participante deberá cubrir unha única solicitude axustándose necesariamente ao modelo que figura como anexo desta resolución.

O profesional deberá presentar a solicitude a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, advirtindo que na folla de solicitude debe figurar o selo de rexistro, quedando os orixinais en poder da administración e expedindo copia para o interesado. A solicitude deberá dirixirse á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Sergas e presentarse no prazo que se inicia o día seguinte da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e finaliza o 30 de xuño de 2006.

O modelo de solicitude está publicado na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2006.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional

ANEXO

SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DO GRAO I DA CARREIRA PROFESIONAL DE LICENCIADOS SANITARIOS (Artigo 9 punto b) do Decreto 155/2005, do 9 de xuño)

DATOS PERSOAIS	
Apelidos e nome:	Código numérico persoal:
Enderezo:	Poboación:
Provincia:	Teléfono:
Data de nacemento:	
DATOS PROFESIONAIS	
Categoría / Especialidade:	
Centro (destino actual):	
Data de toma de posesión (proceso extraordinario de consolidación de emprego):	
Situación administrativa:	Activo ou asimilada <input type="checkbox"/>
	Outras <input type="checkbox"/> Especifique cal:

EXPÓN:

Que reúne os requisitos establecidos na Resolución do 30 de maio de 2006 pola que se abre o prazo para a presentación de solicitudes de recoñecemento do grao I da carreira profesional, segundo a documentación que se relaciona:

- Certificado de servizos prestados e de condición de activo ou asimilado
- Certificado de obxectivos nos derradeiros 5 anos
- Outras certificacións

SOLICITA:

O recoñecemento do Grao I de carreira profesional no réxime extraordinario de desenvolvemento profesional do Sergas.

En, de de 2006

Sinatura:

Selo
